

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 2**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 26 de FEBREIRO de 2020, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores:** (ordinaria de 23 de decembro 2019)

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### **ORZAMENTOS E FACENDA**

- 2.-** Dar conta da resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2019. Expte. 133/143 (Rexistro Pleno 2338/1101)

#### **URBANISMO**

- 3.-** Consulta urbanística especial sobre o desenvolvemento do Polígono 2 do PERI IV-01 SAN ROQUE. Expte. 17088/411 (Rexistro Pleno 2347/1101)

#### **Mocións:**

- 4.-** Moción do concelleiro non adscrito polo 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora. Rexistro Pleno 2353/1101.
- 5.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular esixindo ao goberno de España a que faga efectivo o pago, pola non inclusión dunha mensuralidade da recadación do IVE na liquidación dos recursos do sistema de financiamento de 2017, que debe ás entidades locais e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2352/1101.
- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a introducir unha partida de 5 millóns de euros para a cubrición dos

patios dos 17 centros escolares da cidade de Vigo. Rexistro Pleno 2354/1101.

- 7.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que habilite unha partida orzamentaria de apoio aos voos dende o Aeroporto de Vigo. Rexistro Pleno 2355/1101.
- 8.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a dispoñer unha partida nos Orzamentos coa denominación específica de "Apoio ao desenvolvemento turístico de Vigo, nas súas festas de Nadal, Entroidos, Reconquista e de verán". Rexistro Pleno 2356/1101.
- 9.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que habilite unha partida orzamentaria en apoio a Orquestras Sinfónicas e ás Bandas de Musica de Vigo. Rexistro Pleno. 2357/1101.
- 10.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia á construción dun novo IES en Navia nos termos, especificacións e compromisos que figuran no borrador do Protocolo Xeral de actuación. Rexistro Pleno 2358/1101.

### **PARTE DE CONTROL**

- 11.- Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 767/1102 (Rexistro Pleno 2349/1101)
- 12.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 768/1101 (Rexistro Pleno 2350/1101)

### **Mocións.**

- 13.- Moción do grupo municipal Mixto instando ao Concello a tomar medidas de mellora das garantías democráticas e da participación a través dos proxectos de cooperación e solidariedade internacional financiados con recursos municipais. Rexistro Pleno 2351/1101.
- 14.- **Formulación de rogos.**
- 15.- **Formulación de preguntas.**

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E SEIS, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.  
am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.